

ANUNCIO NOMEAMENTO PERSOAL LABORAL TEMPORAL JUANA ARNOSO Balsa PEOA DE LIMPEZA DE EDIFICIOS MUNICIPAIS POR VACANTE

Expediente: 2026/E005/000072; 2026/G003/001058

Faise público que por medio da resolución da alcaldía número 1024/2026, de 05.08.2026 acordouse nomear a Juana Arnoso Balsa persoal laboral temporal para desempeñar temporalmente unha praza coa categoría de peoa de limpeza de edificios municipais (equivalente a agrupación profesional, sen titulación), mediante contrato de substitución ata que finalice o proceso de selección para a cobertura definitiva do posto, agás amortización da praza e sen que, en ningún caso, o contrato dure máis de tres anos desde a data da súa sinatura.

Mediante a formalización do contrato laboral, quedará adscrita ao posto da Relación de Postos de Traballo co código 06.06.01.04.

A interesada deberá formalizar o contrato o 24.08.2026.

Contra a resolución que se dite, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse potestativamente o RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, significándolle que se interpón o recurso de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñerse o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado Contencioso-administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte ao de aquel no que se teña producido a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto.

Non obstante, poderase impugnar directamente a resolución ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (artigo 123.1 da Lei 39/2015). A tal efecto, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO, no prazo de dous meses, ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

Na súa relación con esta administración pública deberá ter en conta o previsto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas respecto da obrigatoriedade para determinados suxeitos de relacionarse a través de medios electrónicos para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo.

Os prazos cóntanse a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web do concello.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Sra. alcaldesa Alejandra Permuy Meizoso